

TRABALLO DE MATEMÁTICAS PARA 1º ESO A SEMANA DO 30 MARZO AO 3 ABRIL DE 2020

Ola a tod@s!! Que tal estades? Espero que estades todos e todas ben e non vos aburrades moito.

Por se acaso vos aburrides mándovos máis traballo para facer esta semana antes das vacacións de Semana Santa. Espero e supoño que o que vos mandei antes xa está feito e corrixido coas solucións que puxen na páxina web.

OS EXERCICIOS DO LIBRO QUE VOS MANDEI PARA ESTAS DÚAS SEMANAS PASADAS DEBEDES MANDARMO POR CORREO ESTA SEMANA ANTES DO VENRES 3 DE ABRIL. SE NON PODEDES ESCANEAR PODEDES FACERLLE FOTOS ÁS FOLLAS DA LIBRETA NAS QUE ESTÁN FEITOS E MANDARMAS POR CORREO A fisquiraque@gmail.com. A ENTREGA DOS EXERCICIOS SERÁ PUNTUADA DENTRO DO TRABALLO DE CLASE (NON IMPORTA TANTO QUE TEÑADES ERROS COMA QUE O FAGADES VÓS, POIS XA TEDES AS SOLUCIÓNS. O QUE SI PODEDES É FACELOS E DESPOIS MIRAR O QUE VOS SAIU MAL E CORRIXILO)

O TRABALLO QUE VOS MANDO AGORA DEBEDES MANDARMO POR CORREO COMO MOI TARDE O MARTES 14 DE ABRIL SE É QUE NON VOLVEMOS A CLASE. SE VOLTAMOS XA O RECOLLO PERSOALMENTE A CADA UN.

Imos co **traballo para esta semana:**

O primeiro mando o **exame de fraccións e decimais do profesor Fernando (1ºB) XA RESOLTO**, que vos valerá para repasar esa parte. **TRATADE DE FACELO E DESPOIS COMPROBADE AS SOLUCIÓN.**

TEDES QUE MANDARMO POR CORREO

Lembrede que esa parte volverá a entrar no seguinte exame xunto co tema de proporcionalidade.

Aparte disto podedes empezar a mirar e traballar o tema de Álgebra, para que á volta xa saibades algo e podades seguir a clase sen problemas, xa que iremos rápido.

Para traballalo imos usar páxinas e vídeos que coñecedes: Troncho e Poncho, Tutomate e a páxina de Anaya Digital. Os enlaces son estes:

TRONCHO Y PONCHO: <https://www.youtube.com/watch?v=HweMas3FenU>

TUTOMATE:

https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/datos/1491483050/contido/u10_lg_ebra.html

ANAYA DIGITAL: https://www.edistribucion.es/anayaeducacion/8420049/recursos_U10.html

Primeiro debes ver o vídeo de Troncho e Poncho, logo o de Tutomate e despois co aprendido tratar de ir facendo os apartados da unidade de Anaya Digital.

Cando acabedes os exercicios de Anaya Digital (hai bastantes) **facedes os seguintes do libro:**

- **Páxina 173: 3, 5**

- **Páxina 175: todos.**

ESTES SON OS QUE DEBES MANDAR POR CORREO

Bueno, para esta semana e as vacacións penso que é suficiente. Coma sempre se tedes alguna dúbida ou pregunta podedes mandarma á dirección de correo: fisquiraguel@gmail.com

Seguide traballando, o curso non está rematado. Se non o facedes vaivos custar moito cando volvamos. Ánimo.

Coidádevos moito e coidade dos maiores. Esperemos que pronto poidamos volver a vernos.